

## Un novo proxecto mineiro de explotación dunha canteira de granito bota a andar en Xinzo

O BNG insta á Xunta de Galiza e máis ao Concello de Xinzo a que aclaren se autorizaron esta investigación e extracción de catas realizadas hai uns meses con nocturnidade para non levantar receos nos veciños e veciñas dos pobos máis próximos.

**Xinzo da Limia, 15 de maio de 2013.** A aposta decidida da Xunta do PP por vender o país por parcelas podería abrir novas fronteiras na comarca da Limia, afectada pola coñecida mina de feldespatos que tanto rexeite social está a xerar, xa que o BNG de Xinzo ven de ser **alertado da realización de catas nas proximidades dos pobos de Faramontaos e Seoane de Oleiros, no sitio coñecido como 'A Ribeira'**.

Estas catas puideron ser constatadas sobre o terreo e correspóndense co permiso de investigación do dereito mineiro LUIS 4943 que caducou a finais do 2011. Nembargantes veciños da zona afirman que as catas se realizaron a principios deste ano e que os traballos se facían de noite, supostamente coa intención de pasar desapercibidos e non levantar receos nos veciños e veciñas dos pobos máis próximos.

O dereito mineiro OU/C/04943 LUIS abarca unha extensión de **12 cuadrículas mineiras, atópase ubicado no triángulo entre Faramontaos, Novás e Seoane de Oleiros e o recurso dispoñíbel na zona é o granito ornamental** que sería explotado mediante unha canteira a ceo aberto.

Dende o BNG pedimos á Xunta de Galiza e máis ao Concello de Xinzo que **aclaren se autorizaron esta investigación e extracción de catas** sobre o terreo sen comunicación algunha á veciñanza nin interesados, así mesmo solicitamos a paralización inmediata deste novo expediente mineiro.

### **Ameaza global coa complicidade da Xunta do PP**

Esta nova pon de manifesto que a ameaza dos proxectos mineiros é global diante da ofensiva da Xunta do PP (sintetizada no lema "Galiza é unha mina") de apostar por este tipo de explotacións propias dos países cunha economía colonizada por potencias estranxeiras.

### **Apoio ás mobilizacións e protestas dos veciños e veciñas contra a mina de feldespatos**

Diante desta ameaza global a resposta dos cidadáns debe ser unánime, por iso, o BNG apoia a tractorada convocada pola Plataforma Veciñal Corno do Monte para o vindeiro sábado, 25 de maio, e anima a todos os veciños e veciñas de Xinzo a sumarse á protesta como **único xeito de paralizar un proxecto que xa conta con todas as bendicións da Xunta do PP**, como se constata nos informes emitidos polas diferentes consellarías.

Oficina de Imprensa. BNG Xinzo da Limia. [imprensa@bng-xinzo.org](mailto:imprensa@bng-xinzo.org)  
Contacto: Ramiro Rodríguez Suárez (667 727 911)

Xinzo da Limia | 15-5-2013



Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia  
Rúa Río Arnoia, 14 - Local 18 (Multicentro, 1ºP) - 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) \* Tlf/Fax: 988 461 360

[info@bng-xinzo.org](mailto:info@bng-xinzo.org) | [www.bng-xinzo.org](http://www.bng-xinzo.org) | @bngxinzo

**NOTA DE IMPRENSA. PRÉGASE A SÚA DIFUSIÓN.**